

BASES

PARA O CONCURSO DO

LOGOTIPO DA ROUPA DEPORTIVA

DO IES SALVADOR DE MADARIAGA

1. PARTICIPANTES

- O concurso vai dirixido a todo o alumnado do IES Salvador de Madariaga durante o presente curso 2018-19.
- Cada participante poderá presentar unha ou varias propostas.

2. OBXECTO DO CONCURSO

- Deseño dun logotipo destinado a ser a imaxe representativa do IES Salvador de Madariaga na roupa deportiva (no lateral do peito en prendas superiores tipo camisetas, xerseis, chaqueta de chándal...) e lateral dianteiro de pantalóns curtos, así coma noutros posibles soportes.

3. FORMATO, TÉCNICA Y PRESENTACIÓN DEL LOGOTIPO

- Tamaño DIN-A4, sobre soporte ríxido (cartón pluma o similar) con marxe de 3cm.
- Técnica libre, puidéndose realizar o deseño a ordenador en formatos JPG, TIFF, PDF o CDR, aínda que a proposta presentárase impresa en papel.
- O deseño será a unha soa tinta.
- Presentación:
 - -- Deseño do Logo.
 - -- Datos do participante. Nome, apelidos, curso e teléfono de contacto escritos nun papel e introducidos nun sobre pequeno (tipo carta) pechado e có pseudónimo escrito na parte frontal do sobre.
 - -- O deseño do Logo e os datos do participante presentáranse nun sobre pechado, que haberá de ter escrito o pseudónimo na parte dianteira do mesmo.

4. PROPOSTA

O deseño terá que ser orixinal e inédito. O participante será o único responsable das consecuencias que se puideran derivar do incumprimento deste requisito.

Valorarase positivamente que o logo faga referencia ao nome ou o carácter propio do instituto.

5. ENTREGA DA OBRA

Os logotipos presentados a concurso entregaranse no departamento de Educación Física de 8:30 a 14:10 horas do día 3 ao 7 de xuño de 2019.

6. PREMIO

El logotipo gañador do concurso recibirá varias prendas de roupa deportiva coa estampación do deseño gañador.

O mesmo premio pero en menor cantidade de prendas recibirán os dous deseños seleccionados en segundo e terceiro lugar.

7. ORGANIZACIÓN

Este concurso está organizado polo departamento de Educación física do IES Salvador de Madariaga xunto có de Artes plásticas e a vicedirección do mesmo.

8. MOTIVOS DE EXCLUSIÓN DEL CONCURSO

Será excluída do concurso calquera proposta que incorra nalgunha das seguintes circunstancias:

- Ser entregada fora de prazo.
- Non cumprir algunha das condicións recollidas nestas bases.
- Presentar contradicións esenciais, inexactitudes ou aspectos incomprensibles.
- Non axustarse ás normas de presentación.

9. RESOLUCIÓN DO CONCURSO

Os traballos preseleccionados serán expostos na vitrina da entrada do centro durante o mes de xuño tras o fallo do xurado.

O xurado estará composto polas persoas que a continuación se relacionan e designarán ao gañador e dous accesits:

- O Director do centro ou a persoa en que delegue
- Dous profesores do departamento de Educación Física
- Un profesor/a do departamento de Artes Plásticas

- Un representante dos alumnos.

O xurado emitirá o seu veredicto atendendo, entre outros, a os seguintes aspectos:

- Facilitade de identificación da proposta có Instituto ou có deporte.
- Deseño innovador e creativo.
- Adaptabilidade aos soportes requiridos.
- O gañador e os finalistas do concurso serán publicados na WEB do IES Salvador de Madariaga o día 21 de xuño de 2019.
- O xurado resérvase o dereito a declarar deserto o premio.

10. PROPIEDAD DA OBRA

A obra gañadora quedará en propiedade do Departamento de Educación física do IES Salvador de Madariaga, que se reserva o dereito a reproducila, cedela e empregala como estime conveniente ou para modificala se o considera preciso, sen que medie pagamento ou contraprestación algunha ao autor.

Os logotipos non premiados poderán ser recuperados nun prazo máximo dun mes a contar dende a data do fallo do concurso.

Esgotado o prazo de recuperación a organización poderá destruír as propostas non gañadoras.

11. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso supón a aceptación das bases do mesmo na súa totalidade e a conformidade coa decisión do xurado.

12. DÚBIDAS

Calquera incidencia non prevista será resolta polo xurado.

A Coruña 7 de maio de 2019